



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 31 DE XULLO DE 2020.

<u>ASISTENTES</u>			
	GRUPO POLÍTICO		
<u>ALCALDE, que preside:</u>			
D. Carlos Vieitez Fernández	PP	No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 31 de xullo de 2020, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe. A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión. Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.	
<u>CONCELLEIROS:</u>			
D. Ramón Tilve Castro	PP		
D ^a María Estévez Barbeito	PP		
D. Ángel Currás Pérez	PP		
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	PP		
D. Ramón Alfonso Piñeiro	PP		
D. José Manuel Ásperez Montes	MI		
D ^a Cristina Castro Pintos	MI		
D. M ^a Pilar Prado González	MI		
D. Alberto González Dopazo	MI		
D ^a Estefanía Silva Silva	MI		
D ^a Ana Belén García Piñeiro	PSdeG-PSOE		
D. Manuel Radio Oubiña	PSdeG-PSOE		
<u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u>			
<u>SECRETARIA:</u>			
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral			

A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 15 DE XUÑO DE 2020, EXTRAORDINARIA EN SUBSTITUCIÓN DA ORDINARIA DO MES DE MAIO.-

O Sr. alcalde presidente preguntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión extraordinaria de data 15 de xuño de 2020, en substitución da ordinaria do mes de maio; tomando a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes quen sinala que, non poden aprobar esta acta porque nela inclúense comentarios ou aclaracións que non foron feitos no Pleno, concretamente no apartado de rogos e preguntas da quenda do seu grupo, no referido á contestación das preguntas 1, 8 e 20 hai diferenza respecto ó que se falou no Pleno.

Sinala, segundo se pode seguir da grabación desta sesión, “En canto á número 1 no Pleno dízose que dende asuntos sociais collemos o censo “entrecomillo” e fumos dentro de cada parroquia por lugares e collemos a 4 ou 5 persoas dese lugar e eso non é o que se recolle en acta.

Na resposta da cuestión número 8 non se fixo referencia en ningún momento as recomendacións de non





Concello de Meaño

traballar 40 días completos ó ano para non superar o límite regulamentario de exposición ó radón, sen embargo sí que está esta reclamación e se recolle en acta. En canto á resposta da pregunta número 20 a acta sólo recolle a resposta dada pola Sra. Secretaria e non quedan recollidos ningún dos argumentos esgrimidos dente a nosa a voceíra.

Así non podemos aprobar esta acta dado que non logramos entender e non compartimos que non se recollan algunhas das cuestións que se falan na sesión. Teresa sempre dixo que trata de ser fiel ó que se comenta aquí, pero o que nos parece grave e que se recollan en acta argumentos e aclaracións non ditos no Pleno, aínda máis cando se pode comprobar na gravación do Pleno na mesma páxina do Concello. Non sei cal é motivo e esiximos ademáis a rectificación e a retirada do redactado no .. e sobre todo o referente á resposta da cuestión do número 8.”

Sometido o borrador da acta da sesión do 15 de xuño de 2020, extraordinaria en substitución da ordinaria do mes de maio, a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por cinco votos en contra dos membros do Grupo Municipal MI e por oito votos a favor, dos membros do Grupo Municipal do PP e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, queda aprobada.

2º.- ADHESIÓN, SI PROCEDE, Á REDE DE CONCELLOS ÁGORA POLO ESPAZO PÚBLICO (EXP. 605/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación, en relación con este asunto, que no Boletín Oficial da Provincia o día 30 de xuño de 2020 publícase o Protocolo de actuación relativo á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra, que ten como obxectivo configurar unha rede de acción entre os concellos que voluntariamente se adhiran e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a valorización e recuperación do espazo público para as persoas, como escenario das relacións colectivas.

Así mesmo, o Concello de Meaño conta cun Plan de Mobilidade Sustentable, que foi aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 17 de outubro de 2019, polo que para poder darlle efectividade a esta Plan e pouco e pouco ir adaptando espazos públicos para maior uso e disfrute dos/as veciños/as a vez que poder acadar financiación por parte da Deputación Provincial para levalos a cabo é polo que esta Alcaldía propón, e así o ditaminou favorablemente a Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, a adopción do seguinte acordo:


1º.- *A adhesión á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos expresados no protocolo de actuación adxunto, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.*

2º.- *A subscrición dos Principios ÁGORA por parte do Concello.*

3º.- *Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello de Meaño na Rede de concellos ÁGORA polo Espazo Público ao alcalde-presidente Carlos Vieitez Fernández.*

4º.- *Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra para os efectos oportunos.*

Rematada a deliberación deste asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros,





Concello de Meaño

acorda:

1º.- A adhesión á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos expresados no protocolo de actuación adxunto, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.

2º.- A subscrición dos Principios ÁGORA por parte do Concello.

3º.- Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello de Meaño na Rede de concellos ÁGORA polo Espazo Público ao alcalde-presidente Carlos Vieitez Fenández.

4º.- Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra para os efectos oportunos.

3º.- CONVALIDACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 22 DE XULLO DE 2020, DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2020 PARA A APLICACIÓN DO SUPERAVIT ORZAMENTARIO DE 2019 A POLÍTICA SOCIAL FRONTE AO COVID-19. (EXP. 595/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación, en relación con este asunto, que dado:

- Que lle corresponde aos concellos levar a cabo a avaliación e a atención inmediata a persoas ou familias en situación o risco de exclusión social, situacións que con motivo da emerxencia sanitaria xurdida co COVID e a declaración do estado de alarma se viu agravada.

- Que mediante Resolución da Alcaldía de data 09/06/2020, apróbase o expediente de xeración de crédito no PROGRAMA DE EMERXENCIA SOCIAL” por importe de 7.530,00 €, da axuda concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro das Bases reguladoras para o financiamento extraordinario, con ocasión da declaración do estado de alarma, para a prestación de servizos básicos de emerxencia para os Concellos de menos de 20.000 habitantes para o ano 2020.

- Que a pesares do previsto no orzamento e esta xeración obsérvase insuficiencia de crédito para atender necesidades de emerxencia social, concretamente para cubrir as necesidades básicas de alimentación

a Alcaldía, mediante Resolución de data 22 de xullo de 2020, aproba o expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito 1/2020 para a aplicación do superavit orzamentario de 2019 a política social fronte ao COVID-19, para financiar gastos de servizos sociais e promoción social da política de gasto 23, co seguinte detalle:

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
231.48001	12.000,00 €	Rte. líquido tesourería/superavit presup 870.00	Emerxencia social (Alimentos e produtos básicos de





Concello de Meaño

Resolución que, ao abeiro artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 será obxecto de convalidación no primeiro Pleno posterior que se celebre, esixíndose para elo o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no Boletín Oficial da provincia; a falta de convalidación plenaria no terá efectos anulatorios nin suspensivos do decreto aprobado.

A Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a convalidación desta Resolución e propuxolle ao Pleno a súa convalidación.

Rematada a deliberación deste asunto e sometida a Resolución da Alcaldía de data 22 de xullo de 2020, de aprobación do expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito 1/2020 para a aplicación do superavit orzamentario de 2019 a política social fronte ao COVID-19, para financiar gastos de servizos sociais e promoción social da política de gasto 23, a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda convalidala.

4º.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO QUE SE PRESTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS. (EXP. 609/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación, en relación con este asunto, que o Concello de Meaño, dando cumprimento á Disposición derradeira primeira do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento acordou imposición e a aprobación da Ordenanza reguladora do Prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, con réxime de copagamento equivalente ao réxime de prezos públicos establecidos pola Xunta; modificándose o anexo da mesma, coa inclusión do prezo por servizos complementarios, por acordo do Pleno de data 8 de agosto de 2016.

No anexo da Ordenanza reguladora do Prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, xa se contemplaba no punto 4 “Descontos por atención educativa”, apartado c) un desconto do 20% sobre o prezo que resulte cando asista ao mesmo centro o segundo ou sucesivos irmáns.

Coa Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, veuse a modificar a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, engadíndolle unha disposición adicional novena na que se regulan as “*Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as*”, regulando no punto 2 para as escolas infantís dependentes das entidades locais a bonificación do 100% do prezo público da atención educativa no caso de matriculación do segundo fillo/a e sucesivos da unidade familiar, prevista no punto 1 desta disposición adicional para as escolas infantís dependentes da Axencia Galega de servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

O establecemento e aplicación desta bonificación é voluntaria por parte do Concello e de optar polo establecemento, o Concello será compensado pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de





Concello de Meaño

cofinanciamento de servizos sociais, sempre dentro dos créditos dispoñibles en cada exercicio.

A tal efecto, e co ánimo de seguir apostando pola conciliación da vida familiar e laboral e manter un crecemento vexetativo sostido neste Concello, esta Alcaldía propón establecemento e aplicación desta bonificación, así mesmo e a tal efecto a Xunta de Goberno Local en sesión de data 25 de xuño de 2020 acordou solicitar, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento para o ano 2020, a compensación do establecemento desta bonificación.

A vista do que antecede, esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación e así o ditaminou favorablemente a Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Seguir co sistema de copagamento no servizo de atención educativa en contía á derivada do réxime de prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica.*

2º.- *Establecer e aplicar a bonificación prevista na disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na lexislación de desenvolvemento no prezo público por servizos educativos que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos.*

3º.- *Aprobar inicialmente a modificación do anexo da Ordenanza municipal reguladora do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos do Concello de Meaño, coa:*

a) *Introdución do punto 6. Bonificación, que queda redactado:*

Será de aplicación a bonificación prevista na disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na lexislación de desenvolvemento no prezo público por servizos educativos que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos.

b) *Introdución da disposición derogatoria, que queda redactada:*

Quedando expresamente derogado o punto 4.A) o apartado c

“4. Descostos por atención educativa.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

.../...

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.”

Permanendo en vigor os restantes aspectos deste anexo que non resulten afectados por estes acordos.

4º/ Expoñer a modificación do anexo da Ordenanza municipal reguladora do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, mediante edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no Taboleiro dixital do Concello, ó abeiro do art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por un período de trinta días hábiles para que durante este prazo os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias contra a mesma, considerarase definitivamente





Concello de Meaño

aprobada, coa publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

Rematada a deliberación deste asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Seguir co sistema de copagamento no servizo de atención educativa en contía á derivada do réxime de prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica.

2º.- Establecer e aplicar a bonificación prevista na disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na lexislación de desenvolvemento no prezo público por servizos educativos que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos.

3º.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo da Ordenanza municipal reguladora do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos do Concello de Meaño, coa:

a) Introducción do punto 6. Bonificación, que queda redactado:

Será de aplicación a bonificación prevista na disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na lexislación de desenvolvemento no prezo público por servizos educativos que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos.

b) Introducción da disposición derogatoria, que queda redactada:

Quedando expresamente derogado o punto 4.A) o apartado c

“4. Descontos por atención educativa.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

.../...

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.”

Permanendo en vigor os restantes aspectos deste anexo que non resulten afectados por estes acordos.

4º/ Expoñer a modificación do anexo da Ordenanza municipal reguladora do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, mediante edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no Taboleiro dixital do Concello, ó abeiro do art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por un período de trinta días hábiles para que durante este prazo os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.





Concello de Meaño

De non presentarse reclamacións ou suxerencias contra a mesma, considerarase definitivamente aprobada, coa publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- MOCIÓN PRESENTADA POR D. MANUEL RADÍO OUBIÑA, COMO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO Psde-G-PSOE, SOBRE A DEFENSA DO SERVIZO DE PEDIATRÍA DO CENTRO MÉDICO DE DENA. (EXP. 610/2020)

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación, da moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE pola que se propón:

“1. Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Estrutura organizada de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra o restablecemento do servizo de Pediatría no Centro Médico de Dena.

2. Instar á Xunta de Galicia para o establecemento dunha liña de transporte público, que una as 7 parroquias do noso concello co Centro Médico de Baltar-Portonovo, mentres non sexa restablecido o servizo de pediatría no Concello de Meaño.

3. Remitir esta moción aos Concellos de Meis e Sanxenxo, para buscar un acordo, de maneira que, tódolos concellos implicados, presenten unha petición conxunta para o restablecemento do Servizo de Pediatría en Meaño e Meis, aliviando, así, a afluencia de pacientes ao centro médico de Baltar.”

E cuxo texto íntegro é o seguinte

“AO PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO.

O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Manuel Radío Oubiña, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN, REFIRIDA Á DEFENSA DO SERVIZO DE PEDIATRÍA DO CENTRO MÉDICO DE DENA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A crise sanitaria xerada polo COVID-19 deixou en evidencia, unha vez máis, a precaridade na que se atopa a sanidade galega, con escaseza de profesionais e inestabilidade laboral. Exemplos disto, son os problemas para cubrir baixas ou vacacións en diferentes especialidades, coma pediatría ou atención primaria, así coma enfermeiras e enfermeiros que asinan contratos con duración dun día.

No noso concello coñecemos e padecemos, de primeira man, estes problemas. Fai un ano, a nosa Agrupación presentou neste mesmo Pleno unha moción referida á situación do servizo do Centro Médico de Dena, cando a Consellería de Sanidade decidía non cubrir a ausencia da titular da praza e sobrecargar de traballo aos facultativos do Centro Médico de Meaño.

En reiteradas ocasións, desde fai anos, a nosa Agrupación denunciou a falta de pediatra, aotomar, a Consellería de Sanidade, a decisión de non cubrir a vacante polas vacaciónsdatitular ou as súas baixas por enfermidade, chegando, o PsdeG-PSOE, a preguntar sobre este asunto no Parlamento de Galicia. Resulta evidente que nin polo máis remoto se plantexa, dita Consellería, establecer un servizo de Pediatría diario no nosoconcello.

O 31 de xaneiro deste mesmo ano, trouxemos a este Pleno unha moción de urxencia en defensa da sanidade galega, demandada desde o propio sector. É necesaria a entrada de novos profesionais nas listas de emprego e, para iso, son imprescindibles contratos con condicións dignas, que favorezan a estabilidade laboral; haxa maior dotación de ambulancias medicalizadas; se dote de maior número de recursos aos Puntos de Atención Continuada (PAC) e á atención dos servizos de urxencias; etc.





Concello de Meaño

Este verán, a Consellería decidiu enviar aos pacientes de Meaño e Meis ao Centro Médico-PACde Baltar-Portonovo, situación da que vimos avisando desde comezos de 2019, momento no que coñecemos os plans da Xunta de Galicia, para unificar o servizo de Pediatría no referido Centro Médico, chegando a preguntar sobre dito plan ao anterior grupo de goberno.

Agora atopámonos con que, nos meses de maior afluencia de visitantes ao Concello de Sanxenxo e coa posibilidade real dun rebrote por COVID-19, a veciñanza de Meaño e Meis, debe acudir ao Centro Médico de Portonovo, onde continúan atendendo aos veciños e veciñas de Sanxenxo, pero tamén ás persoas despazadas por vacacións ou traballo, aumentando moi significativamente o número de pacientes por pediatra ou médico, coa conseguinte diminución da calidade asistencial.

Por outra banda, o noso concello segue sen un servizo de transporte público eficiente: non existe liña que comunique algunha das parroquias de Meaño con Portonovo de maneira directa e cuns horarios axeitados, o que dificulta a mobilidade da nosa veciñanza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e á Estrutura Organizada de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra para a restablecer o servizo de Pediatría no Centro Médico de Dena.
2. Instar á Xunta de Galicia para o establecemento dunha liña de transporte público, que una as 7 parroquias do noso concello co Centro Médico de Baltar-Portonovo, mentres non sexa restablecido o servizo de Pediatría no Concello de Meaño.
3. Remitir esta moción aos Concellos de Meis e Sanxenxo, para buscar un acordo, de maneira que, todos os concellos implicados, presenten unha petición conxunta para o restablecemento do Servizo de Pediatría en Meaño e Meis, aliviando, así, a afluencia de pacientes ao Centro Médico de Baltar-Portonovo.”

Que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos cinco membros.

Rematada a deliberación deste asunto e sometida a proposta de acordo contida na moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, aproba.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POR D. MANUEL RADÍO OUBIÑA, COMO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO Psde-G-PSOE, SOBRE A DEFENSA DOS INTERESES DA VECIÑANZA FRONTE ÁS COMISSIONS BANCARIAS. (EXP. 611/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación, da moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE pola que se propón:

1. *Instar á Xunta de Galicia para que actúe coma mediadora entre ABANCA Corporación Bancaria, S.A. e os usuarios afectados polo cobro das comisións semestrais de mantemento e administración.*
2. *Instar á ABANCA Corporación Bancaria, S.A. para o regreso ás condicións anteriores do Programa 0 Comisións, así coma á suspensión do cobro de calquera tipo de comisións ás contas das oficinas de Dena e Meaño, cando menos, durante os próximos 2 anos.*





Concello de Meaño

E cuxo texto íntegro é o seguinte:

“ AO PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO.

O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Manuel Radío Oubiña, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

**MOCIÓN, REFIRIDA Á DEFENSA DOS INTERESES DA VECIÑANZA FRONTE ÁS COMISIÓNS BANCARIAS.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A chegada de COVID-19 ao noso país, provocou, ademais da crise sanitaria, o comezo dunha crise económica, da que se descoñece a súaduración.

Un exemplo disto, é o feito de que, no noso concello, aumentase significativamente o número de familias que se viron obrigadas a recorrer aos Servizos Sociais municipais, desde marzo deste ano.

É notorio que moita da nosa veciñanza veu minguados os seus ingresos por falta de actividade, ERTES, aprazamentos de contratos, etc, mentres outras persoas, pertencentes ou non á unidade familiar, coma os xubilados e xubiladas, deben afrontar todos os gastos da súa casa ou incluso da doutros parentes, o que favorece o empobrecemento e dificulta a recuperación económica.

A entidade ABANCA Corporación Bancaria S.A., que conta con dúas oficinas no noso concello, anunciou a comezo de ano un cambio na súa política de cobro de comisións, aumentando os requisitos para formar parte do Programa 0 Comisións e a contía a pagar. A realidade é que, a empresa non notificou verdadeiramente este cambio, posto que se limitou ao envío de avisos, sen comprobar que foron recibidos polos titulares.

Durante o mes de xuño, a entidade bancaria refirida, procedeu ao cobro das comisións sinaladas, nun momento de precariedade económica para as familias con menores ingresos, sen tarxetas de crédito nin outros activos coma seguros, que os unan máis a esta entidade, e que son requisitos actualmente do Programa 0 Comisións.

Foron moitas as protestas contra estes cobros, chegando a recollerse unha petición na plataforma dixital Change.org, onde van polas 88.000 sinaturas.

Ante un problema tan grave, este Pleno, coma representante da veciñanza, non pode permanecer alleo, con máis razón, cando ve como dita entidade non promociona, por exemplo, a apertura de Contas de Pago Básicas, creadas coa Orde ECE/228/2019, de 28 de febreiro, sobre contas de pagobásicas, procedemento de traslado de contas de pago e requisitos dos sitios web de comparación, que teñen un máximo de 3 euros ao mes de comisión, se a tarifa é xeral, e resultan sen comisión, se a tarifa é reducida, para persoas de especial vulnerabilidade.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes


ACORDOS

- 1. Instar á Xunta de Galicia para que actúe coma mediadora entre ABANCA Corporación Bancaria, S.A. e os usuarios afectados polo cobro das comisións semestrais de mantemento e administración.*
- 2. Instar á ABANCA Corporación Bancaria, S.A. para o regreso ás condicións anteriores do Programa 0 Comisións, así coma á suspensión do cobro de calquera tipo de comisións ás contas das oficinas de Dena e Meaño, cando menos, durante os próximos 2 anos.”*

Proposta de acordo que, o Sr. Ásperez Montes propón que se faga extensible a tódalas entidades bancarias que operen en Meaño e as que teñan operado en Meaño para os veciños de Meaño que manteñan contas abertas nas mesmas e foi ditaminada favorablemente por esta Comisión, coas abstencións do Sr. Ásperez Montes e a Sra. Castro Pintos e por tres votos a favor coa incorporación da proposta do Sr. Ásperez Montes.

Rematada a deliberación deste asunto e sometida a proposta de acordo contida na moción coa incorporación da proposta do Sr. Ásperez Montes a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, aproba.

B) Parte de información e control.





Concello de Meaño

7º.- DAR CONTA DA SOLICITUDE, CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019, DE REINVERSIÓN DA BAIXA XERADA NA ADXUDICACIÓN DA OBRA “PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA PRAZA PÚBLICA NA RÚA PONDE DENA” NA OBRA “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE COIRÓN A GANÓN, DE MOROUZOS A GANÓN, CAMIÑO PADRENDA DE ABAIXO E CAMIÑO DE LORES” (EXP. 77/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21-05-2020, de solicitar, con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación Provincial de Pontevedra a aplicación da baixa da adxudicación da obra “Proxecto de urbanización para praza pública na rúa Ponte Dena”, que ascende a 73.865,44 €, na obra “Mellora da pavimentación dos camiños: de Coirón a Ganón, de Morouzos a Ganón; camiño Padrenda de Abaixo e camiños en Lores”; facendo constar a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra “Mellora da pavimentación dos camiños: de Coirón a Ganón, de Morouzos a Ganón; camiño Padrenda de Abaixo e camiños en Lores”.


Do que se da conta conta ao Pleno da Corporación, en cumprimento da Base Décima das Bases Reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019. Liña 1 Investimentos, quedando enterado.

8º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DO 2º TRIMESTRE 2020. (EXP. 268/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación do informe elaborado pola secretaria-interventora, ao abeiro do artigo 6 do R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, do Concello de Meaño correspondentes ao segundo trimestre 2020 e do que resulta:

Período 2º Trimestre	Ratio operacións pagadas (días)	Importe pagos realizados (€)	Ratio operacións pendentes de pago (días)	Importe pagos pendientes (€)	Período medio de pago global a proveedores trimestral (días)
2º Trimestre 2020	1,74	265.094,90	0,00	0,00	1,74

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no R.D. 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, o Pleno queda enterado do período medio de pago a provedores do





Concello de Meaño

Concello de Meaño, correspondente ao 2º trimestre 2020.

9º.- DAR CONTA DO INFORME DE CUMPRIMENTO DURANTE O 2º TRIMESTRE 2020 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2014, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DA LOITA CONTA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.(EXP. 268/2020).-

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación do informe elaborado pola secretaria-interventora e tesoureira, ao abeiro do artigo catro.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, correspondente ao 2º trimestre 2020, cuxos datos mais relevantes son os seguintes:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE- 2º TRIMESTRE/2020

Período medio de pagamento	Dentro do período legal		Fora do período legal	
	Nº de pagos	Importe total	Nº de pagos	Importe total
21	470	250.616,29	23	14.061,57

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO- 2º TRIMESTRE/2020

Intereses de demora pagados no período	
N.º pagamentos	Importe total intereses
0	0,00

FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO TRIMESTRE- 2º TRIMESTRE/2020

Período medio do pendente de pagamento	Dentro do período legal a final do trimestre		Fora del período legal a final de trimestre	
	Nº de operacións	Importe total	Nº de pagos	Importe total
1	18	3.109,18	0	0

De conformidade co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establacen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do cumprimento dos prazos de pago de obrigas durante o 2º trimestre 2020.

10º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno da relación de resolucións adoptadas pola Alcaldía, no período comprendido entre o 16 de xuño e o 31 de xullo, n.º 2020-0241 e n.º 2020-0379, sobre diversas materias:

"nome";"data";"resumo";"registro";"procedemento";"Estado"
"RESOLUCIÓN DE ALCALDIA 2020-0379 [RESOLUCION DA ALCALDIA COLOCACIÓN DE SINAIIS DE PROHIBIDO APARCAR EN PRAZA PÚBLICA]";"31/07/20 14:04";"COLOCACION DE SINAIIS DE PROHIIIDO





Concello de Meaño

APARCAR";"626/2020";"Incidencias na Vía Pública";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0378 [Resolucion Aprobacion Plan Seguridade e Saude]";"31/07/20 14:04";"Aprobacion Plan Seguridade e Saude MELLORA E PAVIMENTACIÓN DOS VIAS DE ACCESO A IGREXA DE SIMES E CREACIÓN DE ITINERARIO ACCESIBLE --";"224/2019";"Contratacións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0377 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes I.P.B]";"31/07/20 13:12";"SIA 1497631 -- Expediente 632/2020 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"632/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0376 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Z.R.B]";"31/07/20 13:12";"SIA 1497631 -- Expediente 632/2020 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"632/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0375 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes C.R.B]";"31/07/20 13:12";"SIA 1497631 -- Expediente 632/2020 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"632/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0374 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes H.B.R]";"31/07/20 13:12";"SIA 1497631 -- Expediente 632/2020 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"632/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0373 [RESOLUCIÓN PRORROGA CONTRATACIÓN AUXILIAR POLICIA LOCAL]";"31/07/20 11:26";"RESOLUCIÓN PRORROGA CONTRATACIÓN AUXILIAR POLICIA LOCAL";"252/2020";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0371 [Iniciacion procedementos sancionadores materia trafico]";"31/07/20 10:47";"Iniciacion procedementos sancionadores materia trafico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0372 [Inicio expedientes sancionadores materia trafico]";"31/07/20 10:47";"Inicio expedientes sancionadores materia trafico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0370 [Relacion Orden Transferencia Pagos Xullo]";"31/07/20 10:47";"Relacion de Orden e Transferencia pagos xullo";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0369 [RESOLUCIÓN GRATIFICACIÓN PRODUCTIVIDADE NÓMINA XULLO 2020]";"31/07/20 10:47";"RESOLUCIÓN GRATIFICACIÓN PRODUCTIVIDADE NÓMINA XULLO 2020";"61/2020";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0367 [Resolucion Aprobacion de gastos derivados da declaracion do Estado de Alarma]";"30/07/20 20:11";"GASTOS DERIVADOS DO ESTADO DE ALARMA";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0368 [Resolucion da alcaldia resolucion de reparos]";"30/07/20 20:11";"RESOLUCIÓN DE REPAROS";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0366 [Resolución Xestión Biomasa]";"30/07/20 14:01";"Inicio de expediente por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares";"631/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0365 [Resolución Xestión Biomasa]";"30/07/20 14:01";"Inicio de expediente a Carlos Hermida por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares";"631/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0364 [Resolución Xestión Biomasa]";"30/07/20 14:01";"Inicio de expediente a Mª Angeles Muñiz pr ncumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares";"631/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0363 [Resolución Xestión Biomasa]";"30/07/20 14:01";"Inicio de expediente orde de execución a Azucena Hermida por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares";"631/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0362 [Resolución Xestión Biomasa]";"30/07/20 14:01";"Inicio de expediente de xestión de biomasa a Hrdos. Carmen González por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares";"631/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0361 [Resolución Xestión Biomasa]";"30/07/20 14:01";"Inicio de expediente de xestión de biomasa a Mª Luisa Padín por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares";"637/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0360 [Relacion Aprobacion Pagos Xullo]";"30/07/20 14:01";"Relacion Aprobacion pagos Xullo";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0359 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio B.G.C]";"30/07/20 10:30";"SIA 1497631 -- Expediente 619/2020 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"619/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0355 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento A.C.A]";"29/07/20 10:31";"SIA 1497631 -- Expediente 634/2020 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"634/2020";"Padrón Municipal de





Concello de Meaño

Habitantes (Alta ou Renovación);"Pendente sinatura"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0354 [Decreto da convocatoria Pleno];"28/07/20
15:39";"Expediente PLN/2020/5 -- Convocatoria.";"PLN/2020/5";"Convocatoria de 0
Pleno";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0353 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes
R.C.B];"28/07/20 14:38";"SIA 1497631 -- Expediente 594/2020 -- Solicitud de Alta no
Padrón Municipal de Habitantes --";"594/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou
Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0352 [Resolución Xestión Biomasa];"28/07/20 14:38";"Inicio
de expediente por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e
solares";"564/2020";"Orde de Execución";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0351 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio
T.D];"28/07/20 14:38";"SIA 1497615 -- Expediente 606/2020 -- Solicitud de cambio de
domicilio dentro do municipio --";"606/2020";"Padrón Municipal de Habitantes
(Modificación de Datos);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0350 [Resolución Alta no Padrón Municipal de habitantes
L.L.C];"28/07/20 14:38";"SIA 1497631 -- Expediente 607/2020 -- Solicitud de Alta no
Engadindo o Sr. alcaldes que, segundo o artigo 91 ROF o voceiro xustificará a urxencia da mesma; cedéndolle a palabra ao Sr. Ásperez Montes, quen xustifica a urxencia da moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que respecto da mesma solicitoulle informe a secretaria-interventora, e no mesmo conclúe:


“A vista do que antecede, cabe concluir que a plantilla de persoal e por ende a oferta de emprego público pola que deba incorporarse persoal de novo ingreso debe responder ao cumprimento da normativa básica estatal, que na materia obxecto deste informe se ven exercendo a través das respectivas leis de Orzamentos Xerais do Estado, ao amparo do artigo 149.1.13ª da CE.

Polo que, adopción deste acordo pode resultar **viciado** por canto:

1.- A plantilla de persoal e por ende a creación de novos postos de traballo deberán responder aos principios de competencia, racionalidade, economía e eficiencia, aspectos que, dentro da potestade de autoorganización das corporacións locais, deben ser considerados e valorados previamente.

2. Haberá que estar o que ao determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2021 ou no seu defecto á vixente que resulte de aplicación no intre de elaborar o Orzamento Municipal 2021, da que resulta conocido o parecer desta secretaria-interventora.

Polo que a secretaria-interventora que subscirbe o presente informe informa **DESFAVORABLEMENTE** a proposta de acordo contida nesta moción; polo que de prosperar a declaración de urxencia, que debe preceder a consideración desta moción





Concello de Meaño

no orde do día, considérase que o único acordo posible a adoptar sería o de someter a estudo e valoración a proposta que na moción se formula.

Por outra banda, e dado que a plantilla se aproba a través do Orzamento, esta cuestión sería a considerar co Orzamento Municipal 2021, polo que non se aprecia a urxencia para que este asunto sexa tratado como urxente, máxime cando o fondo desta proposta está suxeita ao que determina a lexislación básica estatal.”

Toma a palabra de novo o Sr. Ásperez Montes quen subliña diversas cuestións e fai referencia, respecto deste tema ao artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogada para o exercicio 2019 e 2020.

Despois da deliberación sobre a urxencia desta moción; sometida a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con seis votos en contra do Grupo Municipal do PP e sete a favor dos Grupos Municipais do MI e PsdeG-PSOE, ratifica a urxencia da mesma, procedendo ao seu debate.

Rematadas as intervencións e sometida a proposta de acordo contida na moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por seis votos en contra, dos membros do Grupo Municipal do PP, dúas abstencións do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e cinco votos a favor queda desestimada.

D) Rogos e preguntas.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

13.1.- Veciñal Meaño Independiente: Creación de bolsa de axudas económicas para estudantes. (Exp. 628/2020).-

“Eu, Dº Jose M. Aspérez Montes, con DNI nº 76.813.900.H, como voceiro do grupo de Concelleiros *VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE*, a través do presente escrito, EXPOÑO:

-Que no pleno do pasado xullo do 2019, presentamos esta mesma moción, concluíndo o SR Alcalde, según se recolle na acta dese pleno, “*que habrá que estudalo de cara ao próximo orzamento*”. Hoxe vémonos na obriga de reiterarnos e volta a dicir que estando preto de començar o curso escolar 2020/2021 no próximo mes de setembro, e dado que temos no noso Concello un importante número de rapazas e rapaces que remataron a súa formación no IES de Coirón Dena, e deben continuar a mesma nun centro educativo fora do noso Concello, na súa maioría no Centro educativo IES de Vilalonga (Sanxenxo)

-Que moitos destes rapaces e rapazas farán uso do autobús escolar que os levará dende as nosas parroquias ata ese centro educativo (ou outros), o que ten consigo un coste económico importante para as familias

MANIFESTO:

Que dende a alcaldía NON se fixo nada e non se contemplou unha partida concreta nos presupostos deste ano 2020 con este destino. Dende o noso grupo seguimos no convencemento de que hai que facer un esforzo para axudar a estas familias

MOCIÓN:





Concello de Meaño

Se someta a votación a tomar o acordo por parte de este Pleno para crear de maneira inmediata unha bolsa de axudas (económicas), a que poidan ter acceso para cumprir co que entendemos a nosa obriga coas nosas veciñas e veciños, e coa educación das nosas nenas e nenos, creando unha normativa para o seu reparto, ou a correspondente ordenanza, si fose necesaria.”

Sinala o Sr. alcalde que no Orzamento Municipal 2020 se contempla unha aplicación orzamentaria por importe de 3.500,00 € e a convocatoria publicarase en setembro.

Reitera o Sr. Ásperez Montes que para o seu grupo non é un rogo e solicitan que sexa tratada como moción por vía de urxencia.

Sinala o Sr. Radio Oubiña, que este rogo xa o trouxo ao Pleno o seu grupo no 2019 e figura recollido no Orzamento.

Proseguindo o debeta coa intervención do Sr. alcalde e dos distintos voceiros.

13.2.- Veciñal Meaño Independiente: Convenio de colaboración patrocinio económico clubs. Exp. 629/2020).-

“Eu, D^o **Jose M. Aspérez Montes**, con DNI nº 76.813.900-H, como voceiro do grupo de Concelleiros **VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE**, a través do presente escrito,

EXPOÑO:

Que no pleno do pasado xullo do 2019, presentamos esta mesma moción, concluíndo, según se recolle na acta dese pleno o Sr Alcalde “que todos están a favor desta proposta e haberá que estudalo”. Hoxe vémonos na obriga de reiterarmos e volta a dicir que temos no noso Concello **CATRO CLUBES DEPORTIVOS** que compiten nas categorías seniors, tanto feminino coma masculino, con equipos en diversas categorías deportivas e competindo pola xeografía galega. Serían o **Unión Dena CF, CD Xil, CTM GAM e o ASMUBAL de balonmán**, este último ademáis esta tempada competindo pola xeografía nacional.

Que estando estes clubs de fútbol, balonmán e tenis de mesa, preto de començar as diferentes tempadas deportivas en cada unha das súas competicións, e dado os importantes costes que deben asumir no seu inicio, nestas categorías seniors (pago seguros deportivos, material deportivo...)

MANIFESTO:

Que a pesar dos compromisos de “haberá que estudalo” e vendo que por parte do SR Alcalde, estes non se concretan. Así, tal e como vimos propoñendo en anteriores ocasións, reiterando incluso a moción, se faga un esforzo económico para axudar a estas diferentes entidades, que de maneira altruista veñen desenvolvendo unha acción social de gran importancia e repercusión entre os nosos veciños e veciñas, e que con moito esforzo se vai mantendo no tempo, polo tanto presentamos a seguinte

MOCIÓN:

Se someta a votación un acordo por parte de este Pleno, para asinar un convenio de COLABORACIÓN-PATROCINIO ECONÓMICO, con estes clubs para esta tempada, e a manter no tempo, revisándose anualmente, cunha contía acordada na Comisión de Contas e consensuada cos distintos clubs, e onde os clubs levarían o nome do Concello de Meaño nas súas indumentarias por toda a xeografía galega e incluso fora de Galicia.”

Sinala o Sr. alcalde que en relación á solicitude que se contén no devandito escrito, a técnica media de xestión, a petición da Alcaldía elaborou un informe que se lle s fará chegar aos voceiros dos grupos municipais.

13.3.- Outros rogos e preguntas.-

Sinala o Sr. alcalde-presidente que para os efectos de organizar mellor os rogos,





Concello de Meaño

as preguntas e as respostas haberá que seguir as pautas que se sinalan no ROF e non ROM, a tal efecto, os rogos e as preguntas anunciaranse ao alcalde antes da sesión, por escrito.

Cuestión ao que o Sr. Ásperez Montes formula diversas obxeccións, amosando disconformidade co acceso que se lles da desde o Libro de Resolucións, especialmente as ditadas no mesmo día da celebración da sesión, que considera non cumpren o prazo das corenta e oito horas previsto de acceso á documentación dos asuntos que se someten á consideración do Pleno e en particular incide na Resolución ditada pola Alcaldía sobre a “SINALIZACIÓN DE ZONA DE ESTACIONAMENTO PROHIBIDO”, que considera que supón unha extralimitación das funcións por parte da Alcaldía e que ademáis o alcalde considera que é da súa competencia en contra do informe da secretaria-interventora; consideracións ás que o Sr. alcalde amosa o seu desacordo. Así mesmo o Sr. Ásperez amosa a súa disconformidade en relación coa consulta pública que se está a seguir, ao abeiro do artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, en relación coas ordenanza municipal reguladora de circulación e tráfico do Concello de Meaño e o regulamento de participación cidadá ao considerar que na fase de consulta tamén se ten que seguir a de audiencia prevista no punto 2 do devandito artigo, explicándolle a secretaria-interventora que a audiencia regulada no punto 2 deste artigo haberá que encardinala coa audiencia regulada no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no que se regula o procedemento para a aprobación das ordenanzas locais, que establece que unha vez aprobadas inicialmente someterase a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamaciones e suxerencias.

O Sr. alcalde cédelle a palabra aos membros da Corporación, por orde de representación para que formulen os seus rogos e preguntas; formulándose as seguintes:

* Sr. Radío Oubiña:

Rogos:

1. No cruce do centro médico de Dena, cando se ven da xeneral e se mete hacia o parque, hai coches aparcados á dereita que impiden o acceso de forma fluida e dificultan a visibilidade dos coches que veñen de fronte da zona do colexio. Rogamos que se regule esta situación e se pinte no pavimento como no lado esquerdo. Recordámoslle, tamén, que non basta con pintar, hai que ter maior vixilancia, igual que na zona do Pedrán. Do Stop de Predemeirín xa nin falamos.
2. Pedimos que se cambien de ubicación os contenedores diante do centro médico de Dena, pois impiden ver aos peóns que van cruzar. Polo menos reubicalos poñelos noutro sitio.
3. Falando de contenedores, rogamos que se realice unha limpeza dos mesmos en todo o concello, que apestan, a verdade.

Alcalde: Si estamos pendente de executala. Facémola tódolos anos e este ano vamos a facer tamén.





Concello de Meaño

4. Solicitamos que se quite o cartel da oficina de información ao turista que está no parque, detrás do centro médico de Dena, xa que dita oficina xa foi trasladada ao aparcamento de Dena.

Alcalde: Si, efectivamente.

5. Pedimos que se retiren os paneis coa propaganda electoral, que non concello aínda hai algún.

Alcalde: Ata martes ou mércores non vamos a poder quitalo, ahí abaixo aínda hai un. Xa falei cun operario municipal e vamos a proceder, ata martes ou mércores non pode.

6. Rogamos que se adecente o lavadoiro do Lugar da Igrexa en Cobas, xa que se invertiu un diñeiro público na súa construción e agora toca mantelo. Temos aquí unhas fotos para que vexan, non llas paso pola situación que estamos a vivir, pero bueno. Para que vexan como está é unha pena realmente. O que está arriba xunta a casa do carteiro.

Alcalde: Estamos con limpeza e estamos procedendo. Si ves alí en Padrenda xa fixemos varios e en Cobas tamén.

Sr. Radío Oubiña, pero este concretamente está bastante, ten un aspecto deplorable.

Alcalde: O de Padrenda levou moito tempo e quedounos bastante ben o de Cobas tamén, estamos por diferentes parroquias facendo esa labor

7. Rogamos, tamén, a limpeza da fonte de a Telleira en Cobas, supoño que tamén lle tocará.

8. Pedimos, ademais, a limpeza e sinalización dos merendeiros do concello, que son unha zona de visita e de pouco aglomeramento, agora que temos esta situación do COVID-19. (O que está ao lado da Chanca)

9. Solicitamos a limpeza dos camiños forestais e, por que non, tamén sin ser forestal, algunha parroquia, que non lle vén mal, a verdade.

Alcalde: Con respecto a iso decirlle que levamos un gran retraso tódolos Concellos. Eu creo que Meaño está bastante ben e tivemos contratadas incluso dúas empresas. Hai viais que limpamos tres veces, hai outros que limpamos dúas veces e outros todavía hai algún tramo que aínda está pendente de limpar. Pero bueno estamos facendo unha labor....

Sr. Radío Oubiña, pero hai parroquias que necesitan unha limpeza urxente.

Alcalde, en Cristimil, Padrenda por exemplo, vamos a proceder entre o luns ou martes. Este ano foi un ano excepcional e vaise chegar a a todos e limpar todo.

Sr. Radío Oubiña, entendemos a excepcionalidade.

10. Pedimos que se regulen os semáforos de Dena, posto que os da parte de abaixo están moi altos para as motocicletas e para os coches.

Sr. alcalde, hai que miralo. Referente ós semáforos saben vds. que tivemos unha avería bastante importante e si volve a fallar, trátase dunha avaría que require unha reparación bastante costosa e solo hai unha empresa que en teoría está capacitada para facer a reparación. Estivemos vendo de quen é a competencia si podíamos compartir os gastos





Concello de Meaño

entre a Xunta de Galicia e a Deputación e non están pola labor.

11. Tras unha petición dunha veciña, rogamos máis publicidade da axencia de lectura, a creación de máis actividades dinamizadoras para todas as idades, clubs de lectura de adultos, promoción de novidades, etc.

12. Na resolución da alcaldía hai unha factura de 62,40 euros por unhas chucherías. Rogamos que, a próxima vez que se faga un acto para os nenos, haxa máis presenza de froita e se apliquen máis hábitos saudables aos nenos e, a poder ser, se merque no comercio local.

13. Pedimos que se leven a cabo os procesos adecuados para a contratación dos servizos e así evitar reparos da secretaria-intervención como vén sucedendo coas empresas de prevención de riscos laborais, retirada de material do punto limpo, relación de proxectos técnicos, subministros de carburantes, servizo de telefonía e comunicación. (aparecen nas súas resolucións. Non as le?)

Preguntas:

1. Que pasou co espello que ían poñer en Meaño para acceder, onde está o plátano, ao punto limpo? E o de Abuín?

Resposta: O de aquí a ver si o poñemos nesta semana e dous máis . O de Abuín, hai que pedir outra remesa de espellos e na medida en que os operario vaia tendo algún hoco os irá colocando

2. Cando van asfaltar a pista da Igrexa a Paradela?

Resposta: Falei coa empresa varias veces e esa é unha cuestión da Xunta de Galicia e o que din é que cando teñan orde van triturar e poñer medio asfalto, logo haberá puntos que nos intentaremos asfaltar outra parte e tramos que quedará asfaltado en todo o ancho, pero eso non depende de nos, depende de que a Xunta lle dea orde á empresa concesionaria.


Sr. Radio Oubiña, entón a pista e da Xunta?

Resposta: Non a pista é do Concello.

3. Que tipo de acción está a facer o concello para as familias que soliciten o Ingreso Mínimo Vital? Están entereadas e informadas as familias máis vulnerables que levan o paquete de alimentos? Recordámoslle que aumentou o seu número, no termo municipal e tivemos que facer unha modificación de crédito para atendelas.

Concelleira de servizos sociais: están informadas... , agora non che pode decir as corenta e tantas que son pero si que se lle informou dos requisitos..... incluso se lle informa do RISGA. Eu non sei o número exacto pero pódese facer un informe.

4. Vai haber Plan Madruga e comedor o próximo curso? Que medidas se van a tomar?





Concello de Meaño

Quen vai vixiar que se cumpren estas medidas?

Resposta: O plan madrugara posiblemente sí, o tema comedor resulta moi complexo e as ANPAS que normalmente levan este tema teñen dúbidas si o van a prestar, nos levámolo directamente dende o Concello e sabemos que hai corenta e pico de nenos, poderíamos ir a dous turnos pero haberá que saber si a empresa do catering presta o servizo porque dependerá si o demandan tamén noutros colexios.

Nos ahí temos que facer dous turnos, hai que mirar que colexios máis van a ter comedor, as ANPAS ao parecer de Pontevedra ningunha quere levar a cabo o comedor, co cal na gran maioría segundo indican as notas de prensa non van a presta o servizo de comedor nos colexios. Nos estamos pola labor de facelo. A verdade e que esto está cambiando cada día.....

5. Como está funcionando o plan Concilia do verán? Como foi a demanda? Apuntáronse moitos nenos?

Resposta: A maior parte dos concellos renunciaron a facelo. Nos tñamos claro que íamos a facelo e miramos que formato e que protocolo. Inicialmente como establecían 10 por grupo, 1 monitor para 9 alumnos/as, ofrecemos 3 grupos de 9, ou sexa, chegamos a 27, ofertamos e a demanda que hai a día de hoxe creo que son 9 nenos/as.

6. Nesta nova normalidade, estanse a respectar as normas no termo do concello? Houbo moitos avisos? Xa nos dixera no anterior pleno que non houbo multas, e avisos.

Resposta: Avisos sí, non sei o número. Sancións por non levar mascarilla teño que preguntar. O comportamento no momento que se chamou a atención por non levar a mascaría a xente respondía bastante ben e eu como alcalde teño que agradecer esta aptitude.

7. No índice das resolucións da alcaldía, na número 39, non pon sobre que é. Poderíanos dicir a que se refire?

Resposta: Pois eu non me lembro agora, contestaríalle por escrito.

8. Como vai a RPT? Concedéronlle unha prórroga ata Semana Santa, e agora como vai?

Resposta: Antes de semana santa é cando estaba prevista a reunión. Falei con eles e me din que está bastante avanzada.

9. Xa comprobaron se hai ou non duplicidade no contrato de quen elabora a RPT?

Resposta: Hai unha RPT que non foi tramitada e a que está en elaboración será máis ampla porque os tempos e a estrutura organizativa do Concello xa cambiou substancialmente, así coma as retribucións.

10. O transformador de Abuín está en regra ou hai algunha irregularidade?.





Concello de Meaño

Resposta: Pois aínda non me informaron ó respecto. Eu entendo que todo está en regra

11. Xa se rematou de instalar o control horario dos traballadores?

Resposta: No.

12. Como vai a creación da ordenanza do punto limpo presentada por nós e aprobada no pleno, onde, entre outras cousas, se debería regular a recollida de voluminosos, que levamos anos demandando?

Resposta: Ahí seguimos prestando os servizo os mércores e os sábados e no tema de voluminosos, cando chaman puntualmente sí que vamos a recoller. Solicitouse unha subvención para a adquisición de un camión con grúa para poñer en funcionamento ese servizo e día de hoxe non hai resolución. Se conseguimos subvención xa procedemos a posta en funcionamento do servizo.

13. Xa está devolto o pago da viaxe do alcalde a Bruselas?

Resposta: No. E complicado que o devolvan ao afectar a un tema de voos, ao parecer hai bastantes alcaldes que están na mesma situación.

14. Como vai o recurso da sentenza que obrigaba a readmitir a unha persoa traballadora do centro social polivalente? Hai estimación de prazos?

Resposta: Readmiteuse con carácter provisional ata a resolución do recurso de casación.

15. As traballadoras do centro social polivalente seguen atendendo a domicilio? Esta persoa readmitida tamén?

Resposta: Si siguen.. Está de baixa.

16. Que pasou finalmente coa multa do coche da Policía Local?

Resposta: Eso foi unha errata. O final quedou en nada.

17. En canto ao cruceiro de Cobas, sábese xa quen foi e quen correrá cos gastos?


Resposta: Paseillo a unha técnica e teño que falar con ela como está a situación, a empresa está identificada.

18. Cal é a utilidade de “xatemprego” que aparece nas resolucións?

Resposta: Xatemprego é unha aplicación da Xunta de Galicia. Se é a aplicación que penso é a plataforma que utiliza a técnica de emprego para controlar as funcións da Axente de Emprego Local .

19. Hai unha factura de 576 euros de Comercial Custodio baixo o concepto “desprazamento a Meaño para reparar”. Reparar o que? Que se desprazou nesa reparación para chegar a esa cifra?.

Resposta: A barredora. Non sei.





Concello de Meaño

20. Hai unha factura de Norsecurity de 175 euros polo “servizo delegado de protección de datos”. Isto para que é? Que servizo dá?

E unha figura creada na lexislación europea de protección de datos e actúa como mediadora entre os datos que se custodian e a Axencia de Protección de Datos a vez que nos asesora nesta materia.

21. Aparecen dúas facturas de Canon España (330,37 euros e 311,82 euros, respectivamente). De que son?

Resposta: Son das copias en virtude do contrato marco derivado do celebrado pola Deputación Prvvincial.

22. A empresa Hermanos Villegas realizou un servizo cuxa factura é de 536,39 euros, co concepto de “mano de obra”. Que foi o que fixeron?

Resposta: O brazo do camión de alumeado. Hai que pasarlle unha revisión anual obrigatoria.

23. Hai unha factura de 261,36 euros de Radio Popular Cope, co concepto “información cidadanos COVID-19”. De que aspectos informaron? Por que se escolleu ese medio de comunicación? Porque a factura e bastante.

Reposta: Van a vir tamén doutros medios de comunicación é tratábase de informar sobre todo das medidas do COVID .

24. Outra de Arte Salnés, “Escultura Letras Galegas”, cuxo prezo ascende a 1.028,50 euros. Isto é o libro xigante? Que aproveitamento se lle deu? Sacouselle rendimento a ese 1.000 euros?

Resposta: Está deseñado de tal xeito que se poida utilizar ano tras ano. É un tamaño bastante grande e a relación calidade precio está moi ben, vamos a utilizar cada ano as letras galegas. Temos un formato para que se lle poida cambiar a quen vai adicado as letras galegas nas sucesivas anualidades.

25. E, por último e para rematar, como van as negociacións sobre o aparcamento do antigo Bar Bartolo?

Resposta: Ahi estiven varias veces, incluso estiven con Bartolo alí na parcela.....Estamos facendo negociacións co propietario pero non son capaz de decirlle unha data exacta.

* Sr. Ásperez Montes.

1. Vamos insistir na rectificación da acta respecto da contestación da resposta n.º 8 do pasado pleno.

2. Solicito tamén que as resolucións que nos foron facilitadas con posterioridade ás 48 horas anteriores do inicio da celebración do Pleno de hoxe sexan incluídas no libro de resolucións do próximo pleno.





Concello de Meaño

3. Por qué se esperou a limpar en Cobas como sempre no día da Patrona.

Resposta: Cobas limpouse por tramos, volveuse a limpar ahí no central cando foi o día da patrona. Eso é certo.

Este ano é excepcional, repítolle. Eu creo que o noso concello está bastante limpo, debemos estar orgullosos de como está porque si vds. saen por ahí un pouquiño. A xente que está traballando é unha xente moi competente. Está traballando moi duramente e a medida do posible teremos que solventar todos os camiños.

4. Hai unha rotura do firme no vial de Cobas n.º 2, no límite con Sisán e o fin do vial que desemboca no que vai dende Couto de Arriba ata a estrada Barrantes...

Resposta: Hai que repoñer eso e na Plaza en Dena, por exemplo tamén hai un socabón ahí que vamos a repoñer cando veña outra vez o camión. Sí é certo.

5. Non hai alumeado no campo da explanada da Area Recreativa de Cobas. Están as farolas pero non hai bombillas...

Resposta: En teoría está todo solventado pero ben, gracias pola matización.

6. Hai unhas deficiencias grandes no Parque do Regueiro en Padrenda, madeiras podres, cauchos despegados...

Resposta: O Regueiro limpámolo non Moncho? Pegámoslle unha limpeza bastante potente en xeral. Non obstante, hai outros parques como na Casa de Cultura que tamén hai que retocar. Retocouse en Dena detrás do centro de saúde de Dena, ahí limpamos todo e quitamos a caseta, limpámos o caucho e máis ou menos quedou decente. Outra obra que se vai facer tamén é no Parque do Barreiro de Xil, ahí tamén falta o tobogán e entónces ahí vamos facer unha obra cun proxecto e incluso vamos intentar trasladar o que é os aparatos de maiores para atrás e poñer solo zona de nenos. Ahí vaise facer un proxecto.

7. En que situación sigue a explanada do Bartolo e como xa lle contestou a Manuel o único que quero añadir e que se negocie para dar o servizo dende o Concello...

8. Urxe unha limpeza dos contenedores de todo o concello.

Resposta: Sí... Faise unha limpeza cada ano, este ano está pendente de facer.

Hai contenedores que lle quitaron ata as 4 rodas. Nos Pasales estamos reparando continuamente, incluso os bancos e non sabemos por qué. Nos Pasales, no acceso unha columna está dañada e estos vendo como arranxalo.

9. Preguntaba pola situación do puente dos Pasales.

10. Deixar constancia de que tamén esta mesma tarde pedimos por Rexistro o informe técnico de que deberían parar a colocación das sinais de tráfico que falamos antes, pedímolos por escrito.

11. Segundo o inventario de camiños municipais tanto o L-10 que é o de Formarís ou Campo Grande como o D-45 denominado no rexistro Camiño dos Sixtos en Dena, que está alí ó pasar o Riomar constan como viais municipais. Non vexo escusa agora que temos o dato concreto que é un vial municipal para que non se poida arranxar e darse servizo ó que piden os veciños.





Concello de Meaño

12. Temos constancia da presentación, por escrito, de varias facturas, incluso de reparación de coches que é o que nos faltaba agora reparar os coches, por mor do mal estado do vial por exemplo de Altamira e de petición tamén por escrito dos veciños máis afectados, tanto no vial de este de Dena como no de Paradela.

Resposta: No que dice Vd. que está ó lado do Hotel Riamar, ahí é unha servidumbre para varias fincas e intentamos meter unha motoniveladora, saben Vds. que hai unha parra dunha señora que non deixa pasar, marca a distancia porque dice que esa servidume que é dela e presenta documentación ó respecto decindo que é dela, aínda que figure como municipal. A señora que reclama ten a vivenda na parte posterior que ten acceso da pista asfaltada pero dice ela que se serviu por ahí toda a vida e que se quere servir por esa zona. Quixemos meter unha motoniveladora alí, non houbo forma e teremos que ir co chimpín que é o único que entra.

13. Si non hai ningunha decisión e segue na mesma situación traeremos con tempo unha moción para que se poidan adxuntar os informes técnicos e conseguir o apoio do Pleno...

14. Pode decirmos o nome da feira e a data que ía a acudir a Bruselas ? Na acta recollese que foi un acto polo Pacto de Alcaldes polo clima, pertence vd. a este pacto de Alcaldes? A nos constanos que pertence Meis e Ribadumia.

Resposta: Contestareile por escrito.

15. Xa contestou en parte a Manuel e hai reclamación dos cartos pagados polo billete, nos gustaría ver a copia desa reclamación ou resolución.

16. Hai unha factura emitida por CERES dun informe de penalización, a que se refire?

Resposta: Ao informe elaborado en relacionado co expediente de penalización seguido á empresa construtora da obra “Ensanche e pavimentación do camiño rural de Quintáns-Igrexa” e ás intervención en relación co recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa á resolución da imposición da sanción, que equivalía ao importe da subvención deixada de percibir por mor do incumprimento da empresa. O devandito recurso contencioso está pendente de fallo.

17. Hai anuncios pagados a cadena Cope, radio popular, radio pontevedra que suman 866 €. O da cadena Cope fala das medidas co Covid da cadena Ser fala de publicidade. Ten eso algún tipo de retorno de cara o Concello.

Resposta: Ahí hai dende medidas do Covid ata difusión de actividades culturais do Concello...

18. Da factura que falaba antes Manuel da escultura das letras galegas, queda claro que se refire o libro grande sí.... E certo que rompeu un par de días despois?

Resposta: Si, despois tivemos que retocalo atrás, tivemos que reforzalo digamos. O parecer un rapaz dende arriba, segundo me explicaron, pegoulle un manotazo para baixo e parteu á altura da suxeición, fixemos unha estrutura máis forte de suxeiccion pola parte posterior agora debería de aguantar o tempo necesario....

19. Creo que debería ser o mellor un pouco máis traballado porque co nome da autor abaixo, que nin siquera era o nome que o autor usaba para as súas obras co apelido mal





Concello de Meaño

e o texto de Rosalía ...

20. Falou antes de que non houbo sanción no COVID está seguro de que non houbo sancións no Covid? Resposta: Teño que preguntalo, non sei si houbo sancións, eu non teño constancia pero pregunto e informo ó respecto.

21. A zona do cementerio de Simes está un pouco descoidada as papeleiras cheas, desprendementos de alí antes de chegar ó cementerio, un pouco antes da subida da Lagoiña.

22. Fronte o cementerio de Lores hai tamén un desprendemento de terra, sí a dereita, débese arranxar.

Resposta: Sí ahí o propietario nos cede si lle facemos o muro 4 metros do eixe. Estamos pendentes de firmar a cesión e facelo.

23. No pleno pasado comentou agora que foron a Cobas a preguntar polos danos que sufriu o cruceiro na parroquia no lugar do cruceiro non? Según nos din por alí non pasou ninguén, non sei quen pasou de vos dos concelleiros, si pasou ao mellor Moncho ou pasou a preguntar porque polo que nos dixeron alí nos volvemos a preguntar despois deste pleno que non pasou ninguén.

Resposta: O expediente estase vendo, xa está localizada a empresa.

24. Vaise a cursar a reclamación...

Resposta: Entendo que sí.

25. Nas bases para a admisión no Plan Concilia había unha obriga a asinar polas/os nais e pais de familia de facerse cargo, vouna coller para ler textualmente “que meu fillo” bueno eran algúns temas respecto a fiebre, a tos, o cansancio, pero decía que no caso de producirse algún accidente durante a actividade a asistencia sanitaria correrá a cargo dos pais, do seguro do pai, nai, titor ...

Resposta: Foi unha errata..... copiouuse doutro concello.

26. Insistimos antes, bueno insistimos agora pois eso que cando tivemos a Xunta de Portavoces fumos convocados dun día para outro, falamos por teléfono e o cambiamos e si podemos acordar con mais antelación porque en pleno acordamos creo que o segundo venres de cada mes.

Resposta: Non sei si é un día ou dous pero sempre falamos con antelación e decimos vemos ven esta data e se a vemos ben, falamos, vostede dixox mira que eu o venres non podo pasamos o martes e , volveuse a convocar para o martes e non houbo problema ningún.

27. Exactamente porque neste pleno nos sentimos que a documentación se nos pasou con moi pouco tempo, que a documentación que temos pedida nos está tardando moitísimo en dar e si temos que recurrir a ese Valedor do Pobo recurriremos. Nos traíamos hoxe varias mocións en base a esa documentación que conseguimos con retraso e que vou deixar constancia do que pedíamos que se votara e mañá presentaremos por rexistro telemático para que quede constancia xa.. Íamos a pedir que se aprobase un servizo de transporte no vehículo asistencial do Concello ou ben a contratación do mesmo a través dos titulares das licenzas de taxi de Meaño para prestar





Concello de Meaño

o servizo de traslado ó comedor escolar do Colexio de Coirón -Dena das familias que precisen desta necesidade dende o Colexio As Covas. Do colexio de Meaño este ano estiveron a punto de xuntarlle unha unidade educativa de 3 anos coa de 4 anos porque finalmente solo teñen 5 alumnos.

28. Tamén traíamos outra na que decíamos que se someta a votación un acordo deste pleno para trasladar os datos do informe do radón ós servizos de riscos laborais para que adopten as medidas necesarias e se lle dea ademais toda a información ás traballadoras municipais, tanto por parte deste servizo como dende o propio concello, cumprir as recomendacións e obrigas que sinaladas polo técnico responsable do informe das medicións, acometer as obras necesarias nas dependencias do edificio do concello afectadas polo exceso de gas radón para subsanar este problema e se fose necesario incluso reubicar as traballadoras dos despachos máis expostos. Non sei si as traballadoras lles pediron os datos, se lle foron facilitados, pero o informe do enxeñeiro despois das medicións fala de que están traballando nos límites do aconsellablemente saudable que se pode, entón insisto, trasladáronse os datos ás traballadoras ?

Resposta: Teñen constancia e viron os informe. Referente ó Radón, nos temos a vontade de solucionar o problema e nelo estamos. O radón está aquí e na medida do posible vamos intentar solentalo. Nos dende que estamos aquí gobernando fixemos un estudio que durou 3 meses, publicamos que espazos tiñan problema, o espezo que máis problema ten e o baixo do palco, fixemos un proxecto, visouse e saleu a licitación pública a día de hoxe non se presentou ningunha empresa e agora vamos a convocalo de novo...

29. Traíamos tamén someter a votación un acordo por parte deste pleno para requirir a empresa responsable e promotora do transformador de Abuín á subsanación dos defectos sinalados polo técnico municipal no informe emitido por este en data 4 de xuño de 2019 e se adapote, no prazo máis breve posible, o solicitado no proxecto da obra subscrito o 2 de maio de 2017, cumprindo así coa licenza concedida.

Rematadas as intervencións e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte minutos, estendéndose a presenta acta que certifico, co visto e prace do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

